



Convocatoria do 20 de outubro de 2021 para a cesión do Equipamento "Suministro de solucións de posto educativo en el hogar para centros educativos de Galicia" polo Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital do Goberno de España dirixido a aquel alumnado que se atope en situación de fenda dixital canto á conectividade da Internet para poder desenvolver as súas tarefas con normalidade durante o curso 2021-2022.

O Centro Público Integrado de Cova Terreña anuncia a convocatoria pública para o reparto de equipamento subministrado polo Goberno de España en beneficio do alumnado, sendo informado o Consello Escolar do centro educativo en base ao acordo asinado polo equipo directivo, con data de oito de xullo de dous mil vinte e un, coas bases que se recollen na devandita convocatoria e que se detallan a continuación.

Apartado 1. Obxecto.

Cesión de 14 equipos informáticos con conectividade sen fíos gratuíta en préstamo para usufruto do alumnado beneficiario desta axuda durante o curso 2021/2022.

Apartado 2. Destinatarios.

Poderá solicitar esta dotación todo o alumnado matriculado no centro educativo.

Apartado 3. Requisitos.

Estar matriculado no CPI de Cova Terreña durante o curso 2021/2022.

Apartado 3. Dotación.

Ordenador portátil con maletín e conectividade sen fíos a Internet gratuíta. A dotación forma un kit indivisible.

Apartado 4. Solicitudes.

As solicitudes poden realizarse por Internet na ligazón: <https://forms.gle/vbnRK957HXmRTsZ7A> ou empregando o Anexo I debidamente cumprimentado, acompañado de ser o caso da documentación que xustifique os cambios da situación do alumnado respecto dos que constan no centro educativo, que deberá presentar na secretaría do centro nos horarios habilitados para trámites administrativos ou por correo electrónico ao enderezo cpi.cova.baiona@edu.xunta.gal

Aceptarase unha única solicitude por familia, debendo escoller para que alumno/a se solicita a dotación.



Apartado 5. Prazos, período de reclamación e resolución.

O prazo de solicitude esténdese dende o 21 ata o 29 de outubro do 2021, ambos os dous días incluídos.

A resolución provisional publicarase no taboleiro do centro educativo situado no patio norte o mércores 03 de novembro de 2021. O período de reclamacións estenderase ata o 05 de novembro de 2021. A resolución definitiva farase o 8 de novembro de 2021, a cal será publicada no taboleiro do centro educativo.

Apartado 6. Orde de adxudicación.

Os criterios de aplicación para a adxudicación da dotación son:

- 1º. Familias beneficiarias do cheque de material escolar.
- 2º. Alumnado con irmáns ou irmás matriculados/as no centro.
- 3º. Alumnado dos cursos superiores comezando por 4º ESO.
- 4º. Nota media do curso anterior.

Apartado 7. Publicidade.

A participación na convocatoria implica a aceptación da publicación da información relativa á solicitude e á concesión do equipamento para a transparencia do procedemento.

Disposición final.

Para aqueles termos non recollidos nesta convocatoria aterase ao que decida o centro educativo.

En Baiona, a 19 de outubro de 2021.

A directora do centro

M. Isabel Martínez Cabaleiro



ANEXO I

“Suministro de soluciones de puesto educativo en el hogar para centros educativos de Galicia”

DATOS DO CENTRO			
CÓDIGO CENTRO	DENOMINACIÓN CENTRO	CONCELLO	TELÉFONO
36000247	CPI Cova Terreña	Baiona	886120001

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (RESPONSABLE DO ALUMNO/A)				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TELÉFONO

DATOS DO ALUMNADO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	CURSO

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN		
Familia beneficiaria do cheque de material escolar (Fondolibros) (marque a casilla que corresponda)	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
Alumnado con irmáns ou irmás matriculados/as no centro	Nome e apelidos:	Curso:
Curso actual do alumno/a solicitante		
Nota media no curso 2020/2021		

Coa súa sinatura certifica a veracidade dos datos incluídos nesta solicitude e autoriza á publicación dos datos para a resolución da convocatoria no taboleiro do centro educativo.

Baiona a de outubro de 2021.

Sinatura da persoa solicitante :

Sinatura do alumno/a:

Asinado:

Asinado: